

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión extraordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 12 de xuño de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación do conxunto de medidas extraordinarias e urxentes cara á docencia no curso 2020/21.
- * Aprobación do plan de melloras para a posta en marcha das medidas extraordinarias transversais cara ao curso 2020/21 na Universidade de Vigo.
- * Aprobación do protocolo para a preparación de propostas específicas para centros cara ao curso 20/21.
- * Aprobación da modificación no calendario académico para o curso 2020-21, delegándose no reitor manter a eficacia da mesma, en función das indicacións da Xunta de Galicia.
- * Aprobación da doazón á Universidade de Vigo do equipo "Patch Clamp" (fixación de membranas) polo Karolinska Institute (Suecia).
- * Aprobación da declaración de interese do Máster Desafíos das Cidades Atlánticas no marco do proxecto POCTEP Universidade sen Fronteiras.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.